

CPI CERNADAS DE CASTRO

2012-2013



Xogáina 11

Edición dixital



Os currantes:

Profes:

María Abraldes
Adolfo Barcia
Concha Leal
Alba León
Fátima Miguéns
Maite Méndez
Marta Pedreira
Germán Pérez
María Jesús Souto
María Jesús Rodríguez

Damián Filgueira
Alex Blanco
Víctor Canle
Manuel Ces
Paula Correa
Laura Bermúdez
Lara Veiga
Cristian González
Alumnos e alumnas de 3 PDC
Deseño e enmaquetación:
María Jesús Rodríguez

Alumnos e alumnas

Infantil A
5 B Primaria
1 ESO A e B
3 ESO
4 ESO
María Pérez
Bernat Rojo
Zaira Seoane
Héctor Sónora
Óscar Figueira
Paula Vázquez
Laura Pérez
Alba Blanco
Silvia Burés
Tatiana Nieto
Jesús Salanova
Angela Ces
Ainhoa Errotaberea
Inés Carneiro
Leonor Pose
Isabel Burés
Lara Fernández
Aarón Camino

X
O
G
A
I
N
A



Editorial

Cada curso é unha nova aventura, un desafío, un camiño que iniciamos pero que, moitas veces nos leva a lugares cos cales non contabamos. Cada curso é distinto, por moitas razóns: novos compañeiros, novos profesores, novos vestidos para eses coñecementos que pasan por diante de nós, algúns para quedarse para sempre, outros para esquecelos máis rápido do que quixeramos.

Cales serán os momentos que finalmente quedarán na nosa memoria? E por que razón? Os máis tristes, os que nos fixeron rir, os inesperados? Que ten que ter un instante da nosa vida para ser inesquecible?

Como a memoria é curta e caprichosa, apresamos nesta revista algúns momentos que pode que nos axuden a lembrar dunha forma máis certa o vivido este curso: Esas soberbias *Memorias dun neno labrego*, o tan desexado roteiro ás Fragas do Eume ou a ledicia dos nosos pequenos e pequenas en cada unha das festas e celebracións do cole...

Somos o que vivimos

Índice

Primeira parte

- 3 O magosto
- 4 Samaín
- 5 Celebrando o Nadal
- 6 Día contra a violencia de xénero
- 7 O Entroido
- 8 Memorias dun neno labrego
- 9 Esquiaaaaaaaaaaaaaamos!
- 10 23 de Abril: Maratón de lectura
- 12 Actividades polo día da Paz
- 13 17 de maio: Día das letras galegas
- 15 Allons en France!

Segunda parte

- 17 Traballando coa poesía
- 19 Cantigas de amigo
- 22 Publicidade en Galicia
- 24 O club de lectura temático ataca de novo
- 25 Día da ciencia en galego
- 26 O club de lectura "pícaros" tamén escribe poesía
- 27 Mais actividades e efemérides
- 28 Roteiro Vidal Bolaño por Santiago de

Compostela

- 29 Entroido no club de lectura "Pícaros"
- 30 Festa da Lectura
- 31 Roteiro literario polas Fragas do Eume

Terceira parte

- 33 Infantil A, mans á obra
- 38 Unha de contos!
- 40 Easter Bunnys
- 41 Crónica da viaxe a O Porto co poxecto Terra
- 42 Nós reaccionamos, e ti?

Cuarta parte

- 47 Who is who?
- 50 Vaia panda de bechos!
- 54 Traballo con tinta china 1de ESO
- 58 Volumes 1 de ESO
- 60 Volume con recortes 3 de ESO
- 62 Collage 3 de ESO
- 66 Deseño de logotipos 3 de ESO

O magosto



Os alumnos e alumnas de segundo e terceiro ciclo de primaria realizaron estes preciosos murais reciclando papel; con eles foron dando a benvida ás diferentes estacións ó longo do ano. Como todos os anos celebraron o magosto xunto cos seus mestres e mestras dando conta das castañas asadas e participando en a xogos populares.



Samain



De festa vestiuse o corredor do noso cole para que posaran con todas as súas galas estas fermosas cabazas.

Non falta nin a orixinalidade nen o sentido do humor nesta celebración do día de defuntos, que xa é todo un clásico na nosa comunidade.



Celebrando o Nadal



Este ano, por Nadal, tivemos a sorte de contar coa visita do apalpador, ao que lle entregamos as nosas cartas. Vista a cantidade de traballo que teñen Papá Noel e os Reis Magos, sempre é bo que teñan unha axudiña, e como ademais o apalpador vive nunha enxebre comarca de Galicia, non terá que vir de tan lonxe, o que supón un considerable aforro de combustible e m e n o s contaminación para o noso planeta. Temos noticia de que as nenas e os nenos non quedaron descontentos...



25 N: Día contra a violencia de xénero



Estas foron as actividades que o Equipo de Dinamización organizou para sensibilizar a comunidade educativa da lacra da violencia de xénero:

Un panel no que se explica que mulleres e homes somos persoas con igualdade de dereitos e deberes e que debemos tratarnos e ser tratados con respecto. Houbo tamén unhas actividades adaptadas aos distintos niveis educativos do alumnado.



O Entroido



Aquí tedes ao Meco invitándonos a disfrazarnos polo entroido; como todos os anos rematamos a semana cun festival no que todo o cole

participou nun desfile de disfraces. Non faltaron orellas e filloas para encher as barriguiñas!

Di o letreiro: "O



mércres ven preparado, trae un bonito peiteado".

Memorias dun neno labrego



Este curso tivemos a inmensa sorte de poder asistir á representación da obra "Memoria das memorias dun neno labrego" de Cándido Pazó.

Excelente dramatización que nos emocionou profundamente.

Foi organizada polo Departamento de Lingua Galega coa colaboración da Biblioteca e Clubs de Lectura.



O Liceo de Noia tamén puxo o seu grao cedéndonos o salón de actos. Queremos dar as grazas a todas e todos pola inesquecible experiencia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



Esquiaaaaaaaaaaaaaaaaaamos!



Os alumnos e alumnas de 4 curso de ESO decidiron ir gozar da neve nunha estupenda viaxe fin de etapa. Marcharon na última semana de xaneiro á estación invernal de Candanchú e aloxáronse na cercana localidade de Jaca. Participaron 18 alumnos e alumnas.



X
O
G
A
I
N
A
9

23 de abril: Maratón de lectura



Para celebrar o 23 de abril, día do libro, todo o cole participou en lecturas colectivas, organizadas polo Departamento de Lingua Galega e Biblioteca.

En primaria leron o conto colectivo



confeccionado entre todos e todas: "O maravilloso mundo de Chispa" e en secundaria gozamos coas lecturas do mundo maravilloso de... Álvaro

Cunqueiro e os seus feirantes.

Como podedes ver nas fotos, a biblioteca foi o escenario privilexiado para esta



X
O
G
A
I
N
A



lectura; aproveitamos que estreábamos mobiliario e distribución do espazo. Ogallá veñan moitas máis lecturas coma esta!

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



Aquí podedes ver a exposición dos dous libros colectivos realizados no presente curso, un en Primaria e Infantil e outro en Secundaria. Entre todos e todas eliximos o título de cada un deles. Foi esta unha actividade na que, baixo a dirección do Equipo de Dinamización, participou todo o centro.



X
O
G
A
I
N
A

11



Actividades polo día da Paz



Como todos os anos, os corredores do centro recolleron as propostas dos distintos cursos para rachar coa violencia como modo de relación entre as persoas.

Aquí tedes as propostas de Infantil B: "Recetas para a Paz" e as de Primaria.



Este mural fixérono os alumnos e alumnas de 6 B a Alba, a súa profesora, para reflectir os mortos e feridos entre os civís en conflitos bélicos.

Este outro mural o fixeron os nenos e nenas de primeiro de primaria B xunto coa súa profesora Balbi e I ria, a profesora de prácticas para o 25 de novembro, día dos dereitos dos nenos e as nenas.





17 de maio: Día das letras galegas



Como sabedes, o autor homenaxeado este ano foi o dramaturgo galego Roberto Vidal Bolaño. Para achegarnos á súa obra, coa colaboración do



Departamento de Galego, realizamos uns murais e uns trípticos coas súa biografía e obras, e tamén un Roteiro Literario polo Santiago de Roberto.

En secundaria e no Club de Lectura de adultos lemos "Saxo tenor".



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



Polos arredores do 17 de maio realizamos unha serie de carteis lembrando os autores e autoras galegos aos que se lles adicaron as



letras galegas dos anos anteriores. O Equipo de Dinamización pensou que sempre nos venben refrescar a memoria.



X
O
G
A
I
N
A

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



Allons en France!

Este curso, o departamento de francés organizou un intercambio co colexio Emmanuel Maffre-Baugé de Paulhan, provincia de Hérault para alumnos de 2º, 3º e 4º de secundaria. Os alumnos franceses visitáronnos a mediados de novembro, e nós devolvémoslles a visita no mes de abril. Aquí tedes as fotos dos lugares que visitamos.

EN GALICIA

EN FRANCE



X
O
G
A
I
N
A

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



EN FRANCE

EN GALICE



X
O
G
A
I
N
A